



DÍA DAS ESCRITORAS

Lectura de textos - LG

A [Biblioteca Nacional de España](#) celebra a sétima edición do Día das Escritoras, unha iniciativa que a BNE organiza en colaboración coa [Federación Española de Mulleres Directivas, Ejecutivas, Profesionales e Empresarias](#) (FEDEPE) e coa [Asociación Clásicas e Modernas](#) co obxectivo de reivindicar o labor e o legado das escritoras ao longo da historia.

Nesta sétima edición, o tema elixido é **Antes, durante e despois das guerras**, en torno ao cal xira a selección dos textos e as autoras.

Desde a Biblioteca Escolar sumámonos á celebración, uníndonos así á iniciativa das Bibliotecas Escolares de Galicia. Coa lectura deste texto, homenaxeamos este 17 de outubro a estas autoras:

Marina Mayoral (Mondoñedo, 1942)

Catedrática de literatura española na Universidade Complutense de Madrid. Académica de honra da Real Academia Galega (RAG). Estudosa da obra de Rosalía de Castro e Emilia Pardo Bazán, así como de poesía e prosa contemporánea. É colaboradora habitual do xornal *La Voz de Galicia*.

Publicou moitas obras (e moitas delas premiadas) como *Contra amor e morte*; *Unha árbore, un adeus*; *Chamábase Luís*; *Tristes armas*, *Quen matou a Inmaculada de Silva?* entre outras. Moitas delas foron traducidas ao catalán, alemán, italiano, portugués, polaco e chinés. Ademais, ten moita obra en castelán.

TEXTO 1:

Primeira parte. Capítulo I

Unha neboenta mañá de outono de hai moitos anos, Harmonía e Rosa saíron do orfanato da Nosa Señora do Cristal para coller o barco que había de levalas a Rusia. Non eran unhas nenas orfas. Estaban alí por cousas da Guerra Civil e tamén do mal entendemento entre as familias.

O pai estaba na fronte loitando como soldado co exército da República, e a nai traballaba de enfermeira nun hospital de campaña. Harmonía e Rosa tiñas tíos e parentes, pero eran de ideas contrarias ás dos dous pais e eles preferiron deixalas no orfanato antes que na casa dunhas xentes que criticaban a súa postura en asunto tan importante como o que se estaba ventilando. Ás nenas non lles preguntaron a súa opinión: dixéronlles que era cousa de poucos días e que axiña volverían por elas. Daquilo había case un ano.

Os pais ían velas sempre que podían, mais eran poucas veces, e elas, afeitas á liberdade de moverse ao seu antollo polo vila, sentíanse pechadas naquel casarón solitario e aburrido. Así que Harmonía recibiu con ledicia a idea de deixar o orfanato e facer unha viaxe en barco e coñecer sitios novos. E Rosa tamén ía contenta porque, dende que os seus pais as deixaron alí, xa non tiña mecos nin berraba por calquera cousa, e, con tal de non separarse de Harmonía, non choraba. Ás veces abría moito os ollos, botaba os labios para fóra coma se fose o bico dun parrulo e arrimábase un pouco máis a Harmonía, pero non choraba.

O autocar que as recolleu para levalas ao porto de Xixón ía cheo de nenos coma elas, pero non parecían moi felices e non houbo nin cantos nin risas nin xogos coma noutras excursións que Harmonía recordaba, e por iso empezou a pensar que igual aquela viaxe non era tan bonita como lles explicara a nai a última vez que fora velas. [...]

No porto de Xixón agardaba por elas seu pai. Estaba moi mouro e delgado, e tiña unha barba que lle tapaba a metade da cara; levaba un capote que nunca lle viran e un fusil ás costas. Case non o recoñeceron. Abrazounas e refregoulles a cara coa súa, e Rosa dicíalle rindo: "Ai, como picas!". O pai seguía a abrazalase facía un ruído co nariz coma se sorbese os

17 outubro 2022

Día das Escritoras

Organizan: equipo Biblioteca Escolar / Dptos LC-LG-FR



mocos. Rosa ría, mais Harmonía decatouse de que non era cousa de risa e preguntoulle. “Ata cando estaremos alí”? E o pai dixo: “Moi pouco tempo. Deseguida estaremos todos xuntos e contentos”.

Harmonía pensou que o mesmo dixeran cando as levaran ao orfanato, mais non fixo ningún comentario. O pai sacou un libro que levaba no macuto e engadiu:

-Alí faredes moitos amigos, pero tráiovos isto porque xa sabedes que un libro é...

As dúas nenas recitaron a coro:

-Un amigo para sempre!

O pai abrazounas outra vez e Harmonía preguntou:

-E mamá?

O pai explicoulles que a nai estaba tamén na fronte axudando os que loitaban, para que todo acabase máis axiña, pero que ía chegar dun momento a outro. Colleu a cada unha por riba dos ombreiros, apertounas contra el e ficaron así calados, agardando pola nai.

Case todos os nenos tiñan algún familiar con eles, e case todos choraban.

Harmonía sentiu que se lle apertaba a gorxa, pero non quería chorar, porque sabía que, se ella choraba, tamén choraría Rosa, que xa estaba poñendo o bico de parrulo e preguntando a cada minuto: “ por que non vén mamá?”

Harmonía non preguntaba, mais empezou a temer que a nai non ía chegar a tempo, e apertouse contra seu pai ata que sentiu a calor do corpo a través da tea do capote. O pai palmeoulle as costas como facía cando se xuntaba co avó e os tíos:

-Hai que ser forte, Harmonía. Xa tes doce anos; es case unha muller e debes velar pola túa irmá.

Ela asentiu coa cabeza, pero ollou para o barco e pareceulle feo e tristeiro, aínda máis có orfanato.

Chegou a hora de marchar e a nai non aparecía. O pai díxolles ás mulleres da Cruz Vermella que a súa dona estaba na fronte e que por iso se demoraba, pero que estaba a chegar e que fosen subindo os outros.

Subiron primeiro os que estaban sós porque non había quen os retivese en terra. Aos outros case tiveron que arrancalos dos brazos dos seus familiares as encargadas de metelos no barco. Por favor, por favor! -dicianlles-, deixen os nenos, pensen que é polo seu ben.

Pero todos ían chorando e ás atoutiñadas pola pasarela do barco, volvendo a cabeza e dicindo adeus coa man botando bicos aos que ficaban en terra.

Harmonía e Rosa subiron as últimas. O pai pediulles que non chorasen e que, cando chegase a nai, subiría ao barco a despedirse delas. Harmonía dixo cun fío de voz:

-De verdade, papá?

E o pai contestou que abofé, que para iso estaban loitando na fronte, polo ben de España e para que todos puidesen vivir mellor e ser máis felices, e que a xente do barco admiraba e respectaba os que loitaban co exército da República. [...]

MAYORAL, Marina: *Tristes armas*. Xerais, Fóra de xogo.



Equipos de Dinamización da Lingua Galega



TEXTO 2:

Inmaculada Colomina é unha investigadora do departamento de Humanidades da Universidade Carlos III de Madrid, experta en desprazamentos forzosos e refuxiados.

Esta autora conta nun artigo publicado na revista **Muy Historia**, que durante a Guerra Civil Española chegaron á URSS case 3000 nenos procurando refuxio.

-Cantos refuxiados houbo durante a Guerra Civil española?

- Nos primeiros meses da guerra, o desprazamento forzoso da poboación foi interno, dende as zonas máis afectadas pola guerra ata lugares máis tranquilos da costa de Levante e Cataluña. O movemento aumentou a medida que avanzaba a fronte de guerra e foron moitos os que escolleron refuxio fóra das nosas fronteiras.

En 1937, ante o numeroso continxente de refuxiados, creouse unha organización para atender aos primeiros en saír do país, o Servizo Español de Evacuación de Refuxiados, o S.E.R.E., que axudou á supervivencia e traslado a terceiros países de moitos dos españois. A caída de Barcelona o 6 de febreiro de 1939 provocou o maior éxodo. Calcúlase que entre o 26 de xaneiro de 1939 e o día en que se pechou a fronteira con Francia o 10 de febreiro, unhas **470.000 persoas** pasaron a Francia. Entre os refuxiados, había unha variedade de clases sociais e orixes xeográficas, e mulleres e nenos víronse especialmente afectados.

-De cantos nenos estamos a falar?

- Durante a Guerra Civil case 3.000 nenos chegaron á antiga URSS en busca de refuxio, sen os seus pais, en diversas expedicións organizadas. Acompañáronos as coidadoras, na súa maioría mulleres voluntarias que os axudaron ata as primeiras instalacións dese país e cubriron o oco que deixaron os seus pais. O seu exilio durou moito máis do previsto e moitos nunca volveron.

-Que futuro tiñan os refuxiados? Volveron moitos ás súas casas?

- O destino dos refuxiados españois foi moi heteroxéneo e variado segundo o país de acollida. O país de destino e o novo entorno político, cultural e social foron elementos determinantes para o resto da súa vida. Non era o mesmo ser refuxiado español en Londres que estar en Moscova, Santo Domingo ou Alxer. Os longos anos de ditadura en España fixeron que moitos refuxiados nunca puidesen volver e morresen en terra estranxeira. Uns con máis sorte, puideron volver despois da proclamación da democracia e outros decidiron quedar onde por fin puideran botar raíces.

Fragmento traducido ao galego desde <https://www.muyhistoria.es/contemporanea/articulo/immaculada-colomina-durante-la-guerra-civil-llegaron-a-la-urss-casi-3-000-ninos-en-busca-de-refugio-631434361892>

3.- IMAXES: Observa estas fotografías e comenta as semellanzas e as diferenzas.



Robert Capa (1939). Exiliados españois cara a Francia



EFE (2022). Exiliados ucraínos cara a Polonia

